

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

BASES Y CONVOCATORIA DEL PREMIO DE ENSAYO Y CREACIÓN AUDIOVISUAL XOHANA TORRES PARA 2019

BDNS(Identif.):443036

CONVOCATORIA Y BASES DEL PREMIO XOHANA TORRES. ENSAYOS Y CREACIONES AUDIOVISUALES SOBRE LA MEMORIA HISTÓRICA DE LAS MUJERES DE GALICIA

Extracto del acuerdo n.º 281 de 15 de febrero de 2019 de la JGL del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, por la que se aprobaron las bases y convocatoria del Premio de Ensayo y Creación Audiovisual XOHANA TORRES, sobre la memoria histórica de las mujeres de Galicia, para el año 2019.

Texto:

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3 b y 20.8.a de la Ley 38/2013, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/>).

Primera.-Beneficiarias.

Podrá concurrir a esta convocatoria cualquier persona física individualmente o agrupaciones de personas físicas sin personalidad jurídica, debiendo hacer constar expresamente, en el caso de agrupaciones, tanto en la solicitud como en la resolución de la concesión, los compromisos de ejecución asumidos por cada uno/a de los/as miembros de la agrupación, así como el importe de subvención a aplicar por cada uno/a de ellos/as, que tendrán igualmente la consideración de beneficiarios o beneficiarias, tal y como se recoge en el artículo 11 de la Ley 38/2013, de 17 de noviembre, General de Subvenciones y teniendo la obligación de nombrar un o una representante o persona apoderada única de la agrupación con poderes bastantes para cumplir con las obligaciones que, como beneficiaria, corresponden a la agrupación.

Segunda.-Objeto.

Los trabajos que se presenten al premio tratarán de la participación social y política de las mujeres y tendrán como objetivo reconstruir su memoria histórica. Podrán ser ensayos literarios o científicos o piezas audiovisuales y siempre se referirán a mujeres gallegas.

Tercera.-Forma de presentación de las obras.

Modalidad ensayo:

a) Las personas participantes deberán presentar por duplicado un único trabajo en soporte digital, en formato PDF con un tamaño máximo del archivo de 100 MB presentándose en cada uno de su DVD o Pendrive.

Los trabajos tendrán una extensión mínima de 150 páginas y máxima de 300 páginas, a doble espacio, tamaño de la fuente 12, con márgenes de 2,5 centímetros, a una sola cara y numeradas.

b) Las obras, deberán presentarse con la siguiente estructura: introducción, en la que se exprese el tema y el objetivo del ensayo; desarrollo del tema, con la exposición y el análisis de este; conclusiones, los/las autores/as expresarán sus ideas sobre el tema; bibliografía, con las referencias a las fuentes consultadas.

Modalidad creación audiovisual:

a) Los trabajos audiovisuales deberán presentarse por duplicado y tener una duración mínima de 15 minutos y se aceptará cualquier tipo de expresión artística: flashmob, textos biográficos leídos ante la cámara, videoclips, fotografías, fotomontajes, cortometrajes, etc.

b) En el caso de los trabajos audiovisuales, se presentarán en formato DVD, en el que se incluirá una copia del vídeo y un link a una plataforma de vídeos en la cual poder ver la obra (Youtube ou Vimeo).

Cuarta.-Bases reguladoras.

Bases de ejecución del Presupuesto del Ayuntamiento de Santiago de Compostela para el año 2018 (bases prorrogadas para el año 2019) y las bases reguladoras incorporadas a esta Convocatoria.

Quinta.-Cuantía.

Se premiarán dos trabajos, uno en la modalidad de ensayo y otro en la modalidad de creación audiovisual. Cada uno de los premios estará dotado con 2.500 € y sujeto a las retenciones fiscales que legalmente le sean de aplicación. Las personas ganadoras recibirán del Ayuntamiento de Santiago de Compostela estos premios, a cuenta de los derechos de edición de las obras por parte del Servicio de Publicaciones de la Universidad de Santiago de Compostela.

Sexta.-Lengua obligatoria y uso de lenguaje no sexista.

Todas las obras tendrán que emplear la lengua gallega y un lenguaje no sexista.

Séptima.-Plazo de presentación de solicitudes.

El plazo de presentación de los trabajos comienza el día 8 de marzo de 2019 y finaliza el 31 de diciembre de 2019.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

15/2/2019

MARTIÑO NORIEGA SÁNCHEZ

BASES E CONVOCATORIA DO PREMIO DE ENSAIO E CREACIÓN AUDIOVISUAL XOHANA TORRES PARA 2019

BDNS(Identif.):443036

CONVOCATORIA E BASES DO PREMIO XOHANA TORRES. ENSAIOS E CREACIÓNS AUDIOVISUAIS SOBRE A MEMORIA HISTÓRICA DAS MULLERES DE GALICIA

Extracto do acordo n.º 281 de 15 de febreiro de 2019 da XGL do Concello de Santiago de Compostela, pola que se aprobaron as bases e convocatoria do Premio de Ensaio e Creación Audiovisual XOHANA TORRES, sobre a memoria histórica das mulleres de Galicia, para o ano 2019.

Texto:

De conformidade có previsto nos artigos 17.3 b e 20.8.a da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publíquese o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/>).

Primeira.-Beneficiarias.

Poderá concorrer a esta convocatoria calquera persoa física individualmente ou agrupacións de persoas físicas sen personalidade xurídica, debendo facer constar expresamente, no caso de agrupacións, tanto na solicitude como na resolución da concesión, os compromisos de execución asumidos por cada un dos membros da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios ou beneficiarias, tal e como se recolle no artigo 11 da Lei 38/2013, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e tendo a obriga de nomear un ou unha representante ou persoa apoderada única da agrupación con poderes bastantes para cumprir coas obrigas que, como beneficiaria, corresponden a agrupación.

Segunda.-Obxecto.

Os traballos que se presenten ao premio tratarán da participación social e política das mulleres e terán como obxectivo reconstruír a súa memoria histórica. Poderán ser ensaios literarios ou científicos ou pezas audiovisuais e sempre se referirán a mulleres galegas.

Terceira.-Forma de presentación das obras.**Modalidade ensaio:**

a) As persoas participantes deberán presentar por duplicado un único traballo en soporte dixital, en formato PDF cun tamaño máximo do arquivo de 100 MB presentándose en cadanseu DVD ou Pendrive.

Os traballos terán unha extensión mínima de 150 páxinas e máxima de 300 páxinas, a dobre espazo, tamaño da fonte 12, con marxines de 2,5 centímetros, a unha soa cara e numeradas.

b) As obras, deberán presentarse coa seguinte estrutura: introdución, na que se exprese o tema e o obxectivo do ensaio; desenvolvemento do tema, coa exposición e a análise deste; conclusións, os/as autores/as expresarán as súas ideas sobre o tema; bibliografía, coas referencias ás fontes consultadas.

Modalidade creación audiovisual:

a) Os traballos audiovisuais deberán presentarse por duplicado e ter unha duración mínima de 15 minutos e aceptarse calquera tipo de expresión artística: flashmob, textos biográficos lidos ante a cámara, videoclips, fotografías, fotomontaxes, curtametraxes, etc.

b) No caso dos traballos audiovisuais, presentaranse en formato DVD, no que se incluírá unha copia do vídeo e un link a unha plataforma de vídeos na cal poder ver a obra (Youtube ou Vimeo).

Cuarta.-Bases reguladoras.

Bases de execución do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2018 (bases prorrogadas para o ano 2019) e as bases reguladoras incorporadas a esta Convocatoria.

Quinta.-Contía.

Premiaranse dous traballos, un na modalidade de ensaio e outro na modalidade de creación audiovisual. Cada un dos premios estará dotado con 2.500 € e suxeito ás retencións fiscais que legalmente lle sexan aplicación. As persoas gañadoras recibirán do Concello de Santiago de Compostela estes premios, a conta dos dereitos de edición das obras por parte do Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela.

Sexta.-Lingua obrigatoria e uso da linguaxe non sexista.

Todas as obras terán que empregar a lingua galega e unha linguaxe non sexista.

Sétima.-Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación dos traballos comeza o día 8 de marzo de 2019 e remata o 31 de decembro de 2019.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

15/2/2019

MARTÍÑO NORIEGA SÁNCHEZ

2019/1839